

COMPRANDO *LEITUGAS*, *LEITUGHAS* E *LECHUGHAS*. REFORMULACIÓNS E NEGOCIACIÓN DE IDENTIDADES NA FEIRA

Gabriela Prego Vázquez¹
Universidade da Coruña

1. Introducción

Nesta comunicación analizarei cómo os participantes reformulan as formas leituga, leitugha e lechugha en diversos regateos, e como estes procesos de reformulación, conectados con outras estratexias discursivas, contribúen á creación do litixio verbal, esencia do discurso persuasivo e defensivo do regateo. Este xénero discursivo é entendido como acción social, onde se producen as identidades sociodiscursivas comprador-regateador e vendedor-regateador, e dende o que se evocan as identidades locais dos participantes (rural, urbano, etcétera).

Esta investigación enmárcase dentro do ámbito da sociolingüística interaccional (Gumperz, 1982), enriquecéndose de disciplinas como a análise da conversa (Atkinson e Heritage, 1984), a microsocioloxía (Goffman, 1959), e tendo como puntos de referencia os estudos realizados na microsociolingüística galega por Álvarez Cáccamo (1993, 1996a, 1996b).

A análise está baseada na recollida de sesenta casos de regateos procedentes das feiras rurais de Carballo e Paiosaco na comarca de Bergantiños. Concretamente, a miña investigación céntrase na área na que se sitúan os labregos que van vender os pequenos excedentes da súa produción agraria. Os ovos, os legumes, as patacas, o mel e por suposto, as leitugas, comercialízanse nesta zona, onde as mulleres son as principais protagonistas².

Dado que a miña investigación se centra na feira das mulleres, contamos con regateos nos que se compran e se venden leitugas, concretamente en dez ocasións. Sen embargo, nunha primeira aproximación, a pregunta que xorde é: ¿Que compran os bergantiñáns, lechughas, leitughas ou leitugas? Pode parecer unha pregunta absurda, pero estes tres termos pertencen a códigos diferentes que simbolizan valores sociolingüísticos distintos. De feito, nesta comunidade, a presenza de diversas variedades no repertorio lingüístico: galego dialectal, variedades formais do galego, e, en xeral, os diferentes códigos que se crean e emerxen no

¹ Avda. de Finisterre, nº227, 2ºC, Arteixo 15.142, A Coruña-Galicia; Teléfono: 34 81 601649; E-mail: gabipv@udc.es

² Seguindo Méndez (1982) e segundo as miñas observacións, as diversas áreas da feira distribúense en relación ó sexo dos individuos en correlación co tipo de produtos comercializados e a cantidade de diñeiro movida. Por exemplo, na área do gando son os homes predominantemente os encargados de mercar ou vender os animais.

continuum que vai dende o galego-portugués ó español, funcionan simbolicamente como evocadores das identidades rural, semi-rural, periurbana, urbana, etcétera dos participantes.

En principio, poderíamos dicir, baseándonos no corpus, que a maioría dos participantes compra lechugas, aínda que existen casos nos que se mercan leitugas, véndense lechugas, e finalmente lévanse para a casa leitugas. Aínda que este exemplo pareza anecdótico, estas acomodacións lingüísticas, que incluiremos dentro do fenómeno conversacional da reparación, están directamente conectadas coa evocación de diferentes identidades locais.

2. A reparación: un mecanismo conversacional

A reparación é un proceso discursivo amplamente observado dende unha perspectiva secuencial pola análise da conversa. Inclúense dentro do fenómeno da reparación, segundo Levinson, “as recuperacións, autocorreccións onde non se producira ningún erro discernible, correccións propiamente ditas e outras moitas cousas” (Levinson, 1983: 330). Os analistas da conversa (Sacks, Jefferson & Schegloff, 1977) consideran que as reparacións pódense facer de múltiples maneiras: con oclusións glotais, alongamento de vocais, vocalizacións prolongadas, insertando palabras como “¿que?” ou “desculpe” para provocar unha reparación no interlocutor, mediante o que Jefferson denomina (1983) corrección insertada, isto é, introducindo directamente a palabra reparada, etcétera.

Este proceso conversacional, obviado polos estudos lingüísticos tradicionais, é considerado de especial relevancia polos etnometodólogos posto que está directamente conectado coa organización conversacional (Sacks, Jefferson & Schegloff, 1974). Estes estudiosos consideran que o significado social se produce no proceso de interacción, como resultado da contribución que os participantes realizan sucesivamente mediante o sistema de toma de turnos. Deste xeito, nesta creación compartida do discurso, entendido como acción social, a reparación constitúe un proceso interactivo mediante o que os participantes cooperan na construción do significado conversacional. Neste senso Philipps (1992: 313) considera que a reparación xoga un importante papel na construción compartida do contexto social e do significado.

Dende as primeiras investigacións, os etnometodólogos, observando a presenza deste fenómeno nas conversas e a súa repercusión no sistema de toma de turnos, describiron os distintos tipos de reparacións, e analizaron a súa organización rexida pola preferencia cara a autocorrección (Sacks, Jefferson & Schegloff, 1977).

Gran parte dos traballos sobre o tema, céntranse na reparación como corrección e, dende esta perspectiva, estúdiase como nos autocorriximos e como corriximos ós nosos interlocutores para asegurar, en moitas ocasións, a comprensión na conversa (Pessoa, 1995). Non obstante, partindo da diversidade de fenómenos que se inclúen na reparación, e seguindo ós etnometodólogos, considero que esta pode producirse cando existe calquera tipo de problema conversacional (Sacks, Jefferson & Schegloff, 1977) que non ten porque ser un erro³, e que pode provocar reelaboracións discursivas e reformulacións, entre outras cousas.

Tamén creo que as reformulacións léxicas, obxecto deste estudio, poderíanse incluír dentro deste fenómeno xa que en moitas ocasións o uso diferente polos participantes nun mesmo regateo dos termos *leituga*, *leitugha* ou *lechugha*, aínda que non estea relacionado cun problema de malentendido lingüístico, está conectado, como veremos, con outro tipo de problema, pois o feito de que estas formas se modifiquen ó longo dunha interacción indícanos que son reparables. Así, obsérvase, nalgúns casos, que un dos participantes modifica a forma escollida inicialmente para adoptar a forma que introduciu o seu interlocutor –auto-reparación iniciadas polo outro falante–, ou noutras ocasións, compróbase como os falantes cambian de forma por iniciativa propia –auto-reparación.

Polo tanto, aínda que estas reparacións, que Jefferson (1983) denominaría insertas ou implícitas, non estean conectadas cun problema de malentendido ou erro, como ocorre nos casos prototípicos de reparación, xorden para solventar outro tipo de problema que denominaremos “sociodiscursivo”, porque se manifesta na negociación e produción das identidades sociais no discurso.

3. Análise dos datos

Así, no primeiro caso que presentamos obsérvase como os participantes, ó mesmo tempo que reformulan ó longo da interacción as formas *leituga*, *leitugha* e *lechugha*, evocan a súa identidade rural, urbana, semi-rural, semi-urbana, etcétera.

Caso A: comprando *leitugas*, vendendo *lechughas* e levando para a casa *leitughas*.

- C: e quee
estou moi pouquiño aquí porque non vivo aquí
vivo en Madrid
peroo
- V: aaa
- C: cando veño sempre me ghusta vir a
- V: ai pois vente

³ En relación a esta cuestión ver Álvarez Cáccamo (1996b).

- xa verás como vas ir contenta
- C: a comprar
porque cou cousas coma estas non se encontran alí nin
- V: e que has de encontrar
- C: nin que se mate
- V: non muller
en Madrid un queixo coma este por estes cartos non o encontras
- C: nin o queixo
nin a **leituga**
nin as manzâns
nada
- C: e logho comprache **lechugha** tamén?
mira que boa a tiña eu
- V: eu xa a comprei
- C: aí que lástima
- C2: a como son logho ?
- V: mira que cabezas
mira
- C: e a como a ten usted ?
- V: eu vendo aghora a cuarenta
vendina a cincuenta
- C: vendéroma a cincuenta.
- (...)
- C: lévolle unha
dúas non lle levo
unha porque xa levo outra
- V: pois lévalle esta
mira que boa
- (...)
- C: e me dera a volta das cen pesetas?
eu penso que non
- V: e logho ti que me deche ?
- C: cen pesetas
- V: aí claro téñoche que dar
- C: sesenta
- V: si muller
non muller
eran daza
eran sesenta
si
ahora cha dou muller
ahora cha dou
tes razón
- (...)
- V: así que son
son sesenta
- C: sesenta me ten que dar
- V: ... catorce
quince
e cinco vinte
- C: no
pero me decía cuarenta a **leitugha**
me dixo que eran
- V: aí Dios miu (...)

O primeiro fragmento que analizamos procede dunha interacción compra-venda entre unha rapaza nova e unha muller de mediana idade. A compradora é unha galega residente en Madrid, e a vendedora é unha labrega bergantiñá que vai cos excedentes da súa produción á feira. A compradora cambia continuamente dun rexistro formal do galego á variedade dialectal para evocar a súa identidade urbana e as súas conexións co mundo rural. A vendedora, en cambio, sempre usa a variedade dialectal caracterizada pola gheada, seseo implosivo e os abundantes castelanismos.

Nesta conversa, a compradora cóntalle á vendedora que vive en Madrid, pero sempre que volta a Galicia lle “ghusta vir comprar”. Nesta intervención obsérvase que a compradora usa a variedade dialectal con gheada. A gheada, trazo fonético propio desta zona, funciona como claro marcador da identidade rural. O cambio á variedade dialectal, e sobre todo, o uso da gheada coinciden cun cambio de tema. A compradora utiliza a gheada cando fala das actividades que realiza cando volta a Galicia.

Neste senso, a variedade máis formal e a dialectal funcionan para esta participante como simbolizadoras do urbano e do rural, dado que cando fala de Madrid, dende a liña 15 á 18, cambia a un rexistro máis formal. Nesta ocasión conta que en Madrid non se encontran leitugas, forma con ausencia de gheada.

Polo contrario, a vendedora sempre utiliza a gheada, e ante as leitugas da compradora utiliza o termo lechugha. Este castelanismo adaptado foneticamente a variedade dialectal da zona, contrasta co termo leituga introducido pola compradora. Pois, aínda que lechugha sexa un castelanismo, serve para evocar a identidade local rural, a pertenza ás redes sociais tradicionais. A gheada é realmente un trazo pertinente e o seu uso connota importantes significados sociais.

Polo tanto, aínda que leituga sexa un termo “máis puramente galego”, a ausencia de gheada identifícaa como menos propio para os “veciños” de Bergantiños. Non esquezamos que a compradora, cando pretendía achegarse á vendedora e indicar a súa proximidade coas redes tradicionais rurais, utilizaba a gheada; e mesmo, o uso deste trazo, poderíase conectar con cuestións afectivas. Deste xeito, a forma lechugha utilizada pola vendedora, aínda que sexa un castelanismo, simboliza, debido ás connotacións suxeridas pola gheada, o propio, isto é, a adscrición ás redes sociais tradicionais.

A vendedora segue a utilizar ó longo da interacción o termo lechugha mentres que resalta a calidade deste produto para levar a cabo a compra-venda. Máis tarde, chégase a un acordo, e a compradora, ó recibir a volta da vendedora, decátase de que esta non cobrou o importe establecido e dille: “pero me decía cuarenta a leitugha”. A compradora utiliza a

gheada, e repara a forma leituga por leitugha. ¿Como poderíamos interpretar este cambio? Se examinamos o intercambio, observamos que a compradora lle tivo que reclamar na liña 37 a volta dos cartos á vendedora, e máis tarde na liña 58 esta non lle dá a volta correcta. Parece que a compradora pretende aproximarse co uso da gheada á vendedora, pois se esta vendía as *lechughas* a corenta, ela reclama ese prezo usando *leitugha*, con gheada.

Este achegamento, mediante a reparación discursiva, está conectado por un lado cunha reparación que a compradora realiza da imaxe (*face*) da vendedora, e da súa propia imaxe (*face*). A compradora utiliza a gheada para reclamarlle os cartos á vendedora, intentando, deste xeito, aproximarse con *cortesía positiva* (Brown & Levinson, 1987), e anular a posible ameaza que pedir os cartos pode producir na imaxe da súa interlocutora. Por outra banda, se o uso da forma leituga remitía á identidade urbana da participante, esta replantexa e reformula esta identificación ó longo da interacción. Deste xeito, a compradora, a través da reparación “leituga leitugha” e co uso da gheada en diversas ocasións, manifesta a súa conexión coas redes sociais rurais.

Normalmente, cando entran en xogo formas léxicas que pertencen a diversas variedades, a reparación prodúcese da forma dialectal cara a forma estándar, pois considérase que as variedades estándar, reconstruídas polos lingüistas e posuída polas elites, polas medios de comunicación, e, en xeral, polos grupos máis urbanos é a máis prestixiosa. Con todo, no caso analizado, a reformulación realízase noutra dirección. A compradora reparou a forma leituga evocadora da identidade urbana, pola forma dialectal leitugha, evocadora da identidade rural.

Esta modificación mostra que a gheada pode interpretarse como marcador de prestixio encuberto dentro desta comunidade, pois funciona como un símbolo de cohesión e solidariedade local (Milroy, 1980), como manifestación do auténtico e do propio. Mentres que a “non gheada”, trazo fonético identificado como característico da variedade estándar, e polo tanto, de máis prestixio, é símbolo do alleo, do imposto, e incluso, pode ser motivo de burla.

De feito, a vendedora usa lechugha e non intenta cambiar en ningún momento para leituga. Pode ser que noutro ámbito intentara cambiar, pero posiblemente non o faga cando está nun territorio propio como é a feira, o espacio público institucionalizado dos habitantes da zona, e concretamente dos labregos.

En cambio, nos casos que analizaremos a continuación, as reparacións aparecen entre as formas leitugha e lechugha. Estes dous termos, aínda que lechugha sexa un castelanismo, pertencen ó código local de Bergantiños. A presenza de ámbalas dúas formas non simboliza diferentes identidades locais como no exemplo anterior, non obstante a reparación destas

palabras, conectada con outras estratexias discursivas, pode funcionar como tácticas de achegamento ou afastamento dos participantes, empregadas para propiciar a discusión polo prezo da mercadoría. Por exemplo:

Caso B: ofrecendo *leitughas*, e vendendo *lechughas*

(...) (V2 interrompe a negociación que a compradora mantiña con outra vendedora)

- V2: e logho non levas leitugha ningunha?
tan rica como a teño
- C: e logho a como a tes?
- V2: mira que preciosidad de lechugha
eh?
é preciosa
noviña
- C: é ho
pero
antes de pedirme o que queres por elaa...
- V2: bueno
- (...)
- C: a como son?
- V2: a sesenta
- C: ai Dios miu
tas mal
- V2: pero mira
pero
esto cómese solo
esto cómese solo
- C: como te estás
- V2: e despois cando veñas
e é verdade xa verás
- C: como te estás aproveitando de min (risas)
- V: ha dar ghusto
eh?
- C: filliña
eu paréceme que son moi caras
- V2: non son
muller
- C: porque non son moi ghrande
- V2: pero son moi boas
mais
alí
Melucha
- C: e
son lechughas
- V2: bueno non-ha
que de comer unha lechugha destas
a comer esas que xa tean pasadas de vello
cambia moito
- (...)

Este caso é entre dúas mulleres de mediana idade. As dúas falan a variedade dialectal do galego. Neste fragmento, a vendedora ofrécelle *leitughas* á compradora mediante un

enunciado pregunta. A compradora non completa cohesivamente o par pregunta-resposta pois inicia outra pregunta, que debería ser contestada pola vendedora. A vendedora tampouco completa o par pregunta-resposta iniciado pola compradora, e, en vez de proporcionarlle a esta o prezo do produto fala da calidade deste, constituíndose, deste xeito, dende a liña 1 á 11, unha tarefa discursiva preparatoria do tirapuxa que máis tarde se producirá para axustar o prezo do produto.

Así, neste fragmento, obsérvase que contestar cunha pregunta a outra pregunta (liña 3) e non proporcionar unha resposta coherente a unha pregunta, como na liña 4, na que o vendedor non informa sobre o prezo do produto senón que emite un directivo, son estratexias discursivas que os participantes usan para constituír evasivas, táctica moi común nos regateos.

Neste caso, a evasiva do vendedor está conectada cunha auto-reparación, pois este participante que na súa primeira intervención (liña 1) utiliza a palabra leituga, auto-repárase cando toma o turno por segunda vez (liña 4) coa introducción da palabra lechugha. Deste xeito, o participante, que ten a posibilidade de usar estes dous termos marcados coa gheada como locais e propios para achegarse ó seu interlocutor, vai reformulando estas formas ó mesmo tempo que negocia o prezo do produto. Máis tarde, a compradora usará lechugha. Así, nesta compra-venda, empezouse ofrecendo leitughas e finalmente vendéronse lechughas.

Un caso similar é o C, que ocorre entre a mesma compradora e vendedora días máis tarde. Ademais, curiosamente, iníciase do mesmo xeito, pois a vendedora, como no caso anterior, interrompe a negociación que a compradora está facendo con outra participante para ofrecerlle un produto.

Caso C: comprando *lechughas* e levando para a casa *leitughas*

(V2 interrompe a negociación que a compradora está a facer con outra vendedora)

V2: lévame aquí unhas mazás tabardillas, anda

C: aí non

V2: non

C: e a lechugha a coma a tes?

(...)

(C acaba a negociación coa outra vendedora)

V2: a ver que
póñoche a leitugha aghora?

C: a ver a como é a leitugha?

C: aí Dios miu
pobriña
ta

V: pero é rica
eh

pero mira

C: tá toda dolorida

- V: non é dolorida
e que esta leitugha é máis rica que a cerrada
- C: é ho.
pero esta está moi aberta
- V: aí
pero sabe mellor
aí
ben o sabes
eh?
que sabe ben millor que a cerrada.
- C: a ver a como é?
- V: a cuarenta
- C: aí é mui cara
Dios miu
- V: canta levas?
canta levas?
- C: esta pouca poden levar
porque non se me gharda moito (...)

Nesta ocasión, a vendedora ofrécelle mazás, pero a compradora interésase polo prezo das lechugas (liña 4). A vendedora (V2) non lle contesta, pois a outra vendedora prosegue a súa negociación con C. Cando esta termina, a vendedora (V2) ofrécelle as leitughas (liña 6) mediante unha pregunta. Esta pregunta supón unha evasiva da pregunta iniciada pola compradora na liña 4, e nesta evasiva, prodúcese unha reparación inserta (Jefferson, 1983). A vendedora reformula a forma lechugha usada pola compradora e utiliza leitugha. A compradora, inmediatamente despois, non completa a pregunta iniciada pola vendedora, e nesta evasiva, aceptando a reparación realizada pola súa interlocutora, auto-repárase e usa leitugha (liña 9) en vez de lechugha (liña 4). Deste xeito, a reparación da vendedora poderíase interpretar como un afastamento da vendedora e a auto-reparación da compradora pode indicar un intento de achegamento da compradora á vendedora.

Aínda que no caso B, empezáronse ofrecendo leitughas e acabáronse vendendo lechugas, e no caso C, empezáronse comprando lechugas, e acabáronse vendendo leitughas, as reparacións nestes exemplos funcionan de maneira moi similar, pois son usados, xunto con outras estratexias discursivas, para negociar o prezo do produto.

4. Conclusións

En definitiva, as formas leituga, leitugha e lechugha remiten ás diferentes variedades que constitúen o continuum lingüístico que vai dende o galego-portugués ó español, sendo este continuum lingüístico, como intentamos de mostrar mediante a microanálise, indíxico do continuum social desta comunidade. De maneira que os diferentes códigos son usados polos

participantes, xunto a outras tácticas, para negociar no intercambio comunicativo diario as identidades locais: rural, urbano, semi-rural, semi-urbano, etcétera.

Bibliografía

- Álvarez Cáccamo, C. (1993), "The pigeon house, the octopus and the people: the ideologization of linguistic practices in Galiza", *Plurilinguismes* 6, 1-26.
- ___ (1996a), "The power of reflexive language(s): Code displacement in reported speech", *Journal of Pragmatics* 25, 33-59.
- ___ (1996b), "Construindo a Língua no discurso público: Práticas e ideologias linguísticas", Tralaballo presentado no Congreso Internacional *The Linguistic Construction os Social and Personal Identity*, Universidade de Évora, Portugal.
- Atkinson, M., J. Heritage (1984), *Structures of social action: Studies in conversation analysis*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Brown, P., S. Levinson (1987), *Politeness: Some universals in language usage*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Goffman, E. (1959) (1993), *La presentación de la persona en la vida cotidiana*, Barcelona, Amorrortu.
- Gumperz, J. (1982), *Discourse strategies*, Cambridge, Cambridge University Press
- ___ (1982), *Language and social identity*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Jefferson, E. (1983), "On exposed and embedded correction in conversation", *Studium Linguistik* 14, 58-68
- Levinson, S.C. (1983), *Pragmática*, Barcelona, Teide.
- Méndez, L. (1988), "Cousas de mulleres", *Campesinas, poder y vida cotidiana*, Barcelona, Anthropos.
- Milroy, L. 1980, *Language and social networks*, Baltimore, University Park Press.
- Pessoa, D. (1995), "Procedimentos de reformulacao: A correcao", en *Projecto de estudo da norma lingüística urbana culta de São Paulo. Análise de textos orais*, São Paulo, FFLCH/USP.
- Philipps, S. (1992), "The routinization of repair in courtroom discourse", en A. Duranti, Ch. Goodwin (eds), *Rethinking context*, Cambridge, Cambridge University Press.
- Sacks, H., E. Jefferson, G. Schegloff (1974), "A simplest systematics for the organization of turn taking for conversation", *Language* 50(4), 696-735.
- ___ (1977), "The preference for selfcorrection in the organization of repair in conversation", *Language* 53, 361-82.